



Renovación Consello Escolar 2021_[0]_ CIRCULAR FAMILIAS

Estimadas familias:

En cumprimento do establecido na *Resolución do 20 de setembro de 2021, DOG do 29 de setembro*, queda aberto o prazo para a elección de membros ao Consello Escolar. Informamos hoxe dos seguintes puntos:

1. **SORTEO:** Mañá, martes 26 de outubro, procederase ao sorteo dos membros da Xunta Electoral ás 16:30 horas na Sala do Profesorado.
2. **NORMAS XERAIS:**
 - 2.1. O dereito a elixir e ser elixido correspóndelle ao pai e á nai, ou se é o caso, aos titores legais.
 - 2.2. A organización e supervisión do procedemento de elección de membros do Consello Escolar estará a cargo da Xunta Electoral.
 - 2.3. No taboleiro do colexio está exposto o censo electoral podendo presentar, se procede, reclamacións ao devandito censo.
 - 2.4. Todos os pais, nais e titores legais poden presentar a súa candidatura desde o día 4 ao 11 de novembro, ambos os dous inclusive.
 - 2.5. Unha vez que a Xunta Electoral proclame as candidaturas (día 15 de novembro) haberá un prazo de dous días (16 e 17) en horario lectivo, para reclamacións contra a proclamación.
 - 2.6. A mesa electoral estará constituída polo director do centro, que actuará como presidente, e catro pais, nais ou titores/as legais designados por sorteo público entre os que non se presenten como candidatos/as, actuando como secretario/a o de menor idade. O devandito sorteo celebrárase o día 15 ás 09:10 horas.
 - 2.7. A votación de pais/nais/titores legais terá lugar o mércores día 24 de novembro desde as 16:00 ás 18:00 horas.
 - 2.8. O voto será directo, secreto e non delegable. Cada elector/a acreditarase mediante a presentación do DNI ou calquera outro documento oficial.
3. **CALENDARIO:** o calendario anteriormente exposto publicarase, ao igual que toda a información do proceso, no taboleiro de anuncios do centro e na páxina web a partir do 2 de novembro, despois da súa aprobación pola Xunta Electoral.

Narón, 25 de outubro de 2021.

O director e presidente da Xunta Electoral
Xosé Nel Comba Paz